

BORRADOR DA ORDENANZA DE CIVISMO

Titulo Preliminar **DISPOSICIÓN XERAIS, FINALIDADE, FUNDAMENTOS LEGAIS E ÁMBITO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA**

- 1.- ATENTADO A DIGNIDADE DAS PERSOAS**
- 2.- DEGRADACIÓN VISUAL DO ENTORNO URBÁN**
- 3.- MENDICIDADE**
- 4.- CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS NO ESPAZO PÚBLICO (Botellón)**
- 5.- COMERCIO AMBULANTE E PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA VÍA PÚBLICA (Gorilas, Venda na rúa de vehículos, top Manta)**
- 6.- UTILIZACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA O OFRECEMENTO E DEMANDA DE SERVIZOS SEXUAIS (Prostitución)**
- 7.- NECESIDADES FISIOLÓGICAS**
- 8.- OUTRAS CONDUCTAS. Uso impropio do espazo público (Acampadas, dormir en espazos públicos, utilización de bicicletas e patíns, etc)**
- 9.- ACTITUDES VANDÁLICAS NO USO DO MOBILIARIO URBÁN. DETERIORO DO ESPAZO URBANO**
- 10.- DISPOSICIÓN COMÚNS SOBRE RÉXIME SANCIONADOR E OUTRAS MEDIDAS DE APLICACIÓN**

Unha das maiores preocupacións das corporacións locais nos últimos anos é a relativa a todos os *temas vinculados á convivencia urbana e ao civismo, entendida como unha situación na que a liberdade individual de cada un exercese no espazo urbano de xeito respetuoso con dereitos dos demais e cas cousas que son de todos.*

Existiron numerosas iniciativas municipais de promoción do civismo que engloba actuacións que van dende as campañas de sensibilización e educación cívica ate a apertura de canis específicos para atender quixas e suxestións roacionadas ca materia.

O **obxectivo principal** desta Ordenanza é o de **preservar o espazo público como lugar de convivencia e civismo, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade a súas actividades de libre circulación, de lecer, de encontro e recreo, con pleno respecto a dignidade e aos dereitos dos demais.**

A ordenanza pretende ser unha ferramenta efectiva para facer fronte as **novas situacións e circunstancias que poidan afectar a convivencia ou alterala.** Intenta ser unha **resposta democrática e equilibrada** a estas novas situacións e circunstancias que poidan afectar a convivencia e circunstancias, **baseándose, por unha banda no recoñecemento do dereito de todos a comportarse libremente en espazos públicos e a ser respetados na súa liberdade; pero, por outra banda , tamén, na necesidade de que todos asumamos determinados deberes de convivencia e de respecto a liberdade, a dignidade e aos dereitos recoñecidos aos demais, así como ao mantemento do espazo público en condicións axeitadas.** E , todo o, ademáis ,sendo conscientes de que, para o logro destes obxectivos, non basta co exercicio, por parte da autoridade municipal, da potestade sancionadora, que en ocasións tamén é necesaria, senón que é preciso, tamén , que o Concello leve a cabo as correspondentes actividades de fomento e prestación social necesarias para promover os valores de convivencia e o civismo na cidadanía e para atender convintemente as persoas que o poidan necesitar. Neste sentido, pois, e como non podería ser doutro xeito, o Concello debe ser o primeiro en dar cumprimento a Ordenanza.

Dende o punto de vista material, **esta Ordenanza actúa dentro do ámbito das competencias das que dispón o Concello de Lugo co fin de evitar todas aquelas conductas que poidan perturbar a convivencia e minimizar os comportamentos incívicos que se poidan realizar en espazos públicos.**

A observación diaria na nosa vida urbán permite constatar que determinados comportamentos incívicos manifestáronse con particular intensidade nos últimos anos. En particular e como exemplos notorios podemos citar diversas formas de "vandalismo" (destrozos de bens públicos e privados, pintadas, etc.), a produción de rúidos e molestias para os veciños en determinadas zonas de ocio nocturno, a suciedade evitable (residuos e lixo en parques e xardíns, orinar na vía pública, excrementos de cans etc) ou o exercicio de actividades na vía pública que poden causar perxuizos e incomodidades (determinadas formas de mendicidade, venda ambulante, ofrecemento de servizos etc)

Mención aparte merece o que se deu por denominar "**efecto botellón**" tanto polo que supón como **conducta de risco nun amplo sector de xovenes**, como polo impacto medio-ambiental que produce. En efecto, as reunións masivas de xovenes en prazas, parques públicos co **alcohol como "vehiculizador"** **constitúen en si mesmas como fenómeno de moda. Unha situación de risco engadida pola percepción de accesibilidade ao alcohol e polo efecto de contaxio social que produce.**

O Concello de Lugo non é alleo a este fenómeno, que non solo incentiva o consumo abusivo de alcohol dende idades temperás, senón que constitúe unha actividade xuvenil especialmente nociva para a convivencia da cidadanía polos efectos nocivos, en materia de salubridade pública e nos dereitos dos veciños ao descanso e a calidade de vida.

O fundamento xurídico da Ordenanza atópase, en primeiro lugar, na Constitución do ano 1978, sobre todo dende a perspectiva de garantir a autonomía municipal. Mais tarde, nos artigos 139 a 141 da Lei 7/1985, de 7 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, introducida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, recolle tamén, expresamente, un título competencial en virtude do cal establece a posibilidade de que os concellos, para a axeitada ordenación das relacións sociais de convivencia de interés local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestructuras instalacións e espazos públicos, en defecto da normativa sectorial específica poidan establecer os tipos de infraccións e impoñer sancións polo incumprimento dos deberes, prohibicións ou limitacións. En todo caso, todas estas previsións configuran unha cobertura legal suficiente para cumprir a reserva legal do mandato de tipificación e dar resposta completa ao artigo 25.1 da Constitución española.

Ate primeiros de 2004 os concellos debían suxetarse estrictamente ao *principio de tipifidade*: "sólo constitúen infraccións administrativas as vulneracións do redemento xurídico previstas como tales infraccións por unha Lei". As correspondentes sancións tamén deberían estar previstas por Lei

A situación cambiou a consecuencia da sentenza do Tribunal Supremo de 29/9/2003 e da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local. Agora os concellos poden, sempre sen contradecir as leis, "lexislar" sobre as materias da súa competencia "nuclear"

A Lei 57/2003

- Engadiu o Título XI a Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Modificou os artigos 127.1 e 129.1 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A STS de 29/9/2003 sentou unhas bases doutrinais e un criterio.

Tipificación das infraccións e sancións polas entidades locais en determinadas materias

Artigo 139. Tipificación de infraccións e sancións en determinadas materias.

Para axeitada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto da normativa sectorial específica establecer os tipos das infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos seguintes.

Artigo 140. Clasificación das infraccións.

1. As infraccións as ordenanzas locais as que se refire o artigo anterior clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Serán moi graves as infraccións que supoñan:

1. *Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa a tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades*

de toda conformes ca normativa aplicable ou a salubridade ou ornato públicos sempre que se trate de conductas non asumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá..

2. *O impedimento do emprego dun servizo público por outra ou outras persoas con dereita a súa utilización.*
3. *O impedimento ou a graves e relevante obstrucción ao normal funcionamento dun servizo público.*
4. *Os actos de deterioro graves e relevante de equipamentos, infraestructuras, intalacións ou oementos dun servizo público.*
5. *O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito a súa utilización.*
6. *Os actos de deetioro graves e relevantes de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables.non derivados de alteracións da seguridade cidadá.*

2. As demais infraccións clasificaranse en graves e leves, dacordo cos seguintes criterios:

1. *A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades*
2. *A intensidade da perturbación causada a salubridade ou ornatos públicos.*
3. *A intensidade da pertubación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a empregos.*
4. *A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.*
5. *A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestructuras, instalacións ou oementos dun servizo ou dun espazo público.*

Artigo 141. Límites das sancións económicas.

Salvo previsión legal distinta, as multas por infracción de Ordenanzas locais deberán respectar as seguintes cuantías:

1. *Infraccións moi graves: ate 3.000 euros.*
2. *Infraccións graves: ate 1.500 euros.*
3. *infraccións leves: ate 750 euros.*

TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO: FINALIDADE, FUNDAMENTOS LEGAIS E

ÁMBITO DE APLICACIÓN DA ORDENANZA

Artigo 1 - Finalidade da Ordenanza

1. Esta Ordenanza ten por obxecto preservar o **espazo público como lugar de convivencia e civismo**, no que todas as persoas poidan desenvolver en liberdade as súas actividades de libre circulación, lecer, encontro e recreo, con pleno respecto a dignidade e aos dereitos dos demais e a pluralidade de expresións culturais, políticas, lingüísticas e relixiosas e de xeitos de vida diversos existentes en Lugo.

A cidade é un espazo colectivo no que todas as persoas teñen dereito a atopar as condicións para a súa realización persoal, política, social, coas condicións ambientais óptimas, o cal implica asumir os deberes da solidariedade, respecto mutuo e tolerancia.

2. A os efectos expresados no apartado anterior, esta Ordenanza regula unha serie de medidas encamiñadas especificamente ao fomento e a promoción da convivencia e o civismo no espazo público, identifica cales son os bens xurídicos protexidos, prevé cales son as normas de conducta en cada caso e sanciona a aqueles que poidan perturbar, lesionar ou deteriorar tanto a propia convivencia cidadá como os bens que se atopan no espazo público que lle debe servir de soporte ,previndo, no seu caso, medidas específicas de intervención.

Artigo 2 - Fundamentos legais

1. Asemesmo, esta Ordenanza elaborouse dacordo ca potestade municipal de tipificar infraccións e sancións que, ca finalidade de ordenar as relacións de convivencia cidadá, establece nos artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

2. O establecido no apartado anterior enténdese sen prexuízo das demais competencias e función atribuídas ao Concello de Lugo pola normativa xeral de réxime local e a lexislación sectorial aplicable.

Artigo 3 - Ámbito de aplicación obxetiva

1. Esta Ordenanza aplícase a todo o termo municipal de Lugo

2. Particularmente, a Ordenanza é de aplicación en todos os espazos públicos da cidade, como rúas, vías de circulación, beirarrúas, prazas, avenidas ,paseos,

pasaxes ,bulevares, parques, xardíns e demais espazos e zonas verdes ou forestais, pontes,túneis, pasos soterrados, aparcadoiros, fontes e estanques,edificios públicos e demais espazos destinados ao uso ou servizo público de titularidade municipal , así como as construcións ,instalacións,mobiliario urbano e demais bens e elementos de dominio público municipal situados naqueles .

3. Asemesmo , a Ordenanza aplícase a aqueles outros espazos ,construcións,instalacións,vehículos ou elementos que estén destinados a un uso ou a un servizo público de titularidade dunha administración diferente da municipal ou de calquer outra entidade ou empresas,pública ou privada,como vehículos de transporte;marquesina,paradas de autobuses,de ferrocarril,valos,sinais de tráfico,contenedores e demais elementos de natureza similar.Cando sexa o caso, o Concello impulsará a suscripción dos convenios específicos cos titulares dos debanditos espazos ,construcións,instalacións,vehículos ou elementos co fin de dotar da cobertura xurídica precisa a intervención municipal.

4. Igualmente, a Ordenanza aplicase as zonas fluviais nas que ámbitos ou materias que sexan de competencia municipal dacordo ca lexislación aplicable, ou en virtude dun acordo de delegación ou convenio.

5. A Ordenanza aplicarase tamén a espazos ,construcións,intalacións e bens de titularidade privada cando dende aqueles se realicen conductas ou actividades que afecten o poidan afectar negativamente a convivencia e ao civismo nos espazos,instalacións e oementos sinalados en apartados anteriores , ou cando o descuido ou falta dun axeitado mantemento dos mesmos por parte dos seus propietarios ou propietarias,arrendatarios ou arrendatarias ou usuarios ou usuarias poida implicar igualmente consecuencias negativas para a convivencia ou o civismo no espazo público.

Artigo 4.- Ámbito de aplicación subxectivo

1. Esta Ordenanza aplicase a todas as persoas que están na cidade de Lugo, calquera que sexa a súa concreta situación xurídica administrativa.

2. Esta Ordenanza é aplicable a todas as conductas realizadas polos menores de idade,nos termos e consecuencias previstas no artigo 57 e no resto de ordenamento xurídico.Nos supostos que así se prevean expresamente,os pais ou nais,titores ou titiras,o guradores ou guardoras tamén poderán ser considerados responsables das infraccións cometidas polos menores cando

concurra, por parte de aqueles dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia..

3. Asemesmo, nos supostos nos que así se prevea de xeito expreso na Ordenanza, esta tamén será aplicable aos organizadores de actos públicos aos que se refire o artigo.

CUESTIÓNS OBXECTO DE REGULACIÓN

1.-ATENTADO A DIGNIDADE DAS PERSOAS

Artigo 5.- Fundamentos da regulación

As condutas tipificadas como infraccións nesta capítulo atopan o seu fundamento, constitucional e legal, na necesidade de evitar no espazo público todas aquelas prácticas individuais ou colectivas que atenten contra a dignidade das persoas, así como as prácticas discriminatorias de contido xenófobo, racista, sexista, homófobo ou de calquera outra condición condición ou circunstancia persoal, económica ou social, especialmente cando se dirixan aos colectivos máis vulnerables.

Artigo 6 - Normas de conducta

1. **Queda prohibida no espazo público toda conduta de menosprezo a dignidade das persoas**, así como cualquier **comportamento discriminatorio, sexa de contido xenófobo, racista, sexista u homófobo, ou de cualquier outra condición o circunstancia persoal ou social**, de feito, por escrito ou de palabra, **mediante insultos, burlas, molestias intencionadas, coacción psíquica o física, agresións u outras condutas vexatorias.**

2. **Quedan especialmente prohibidas as condutas anteriormente** descritas cando teñan **como obxecto ou se dirixan contra persoas maiores, menores e persoas con discapacidades.**

3. **En concreto, prohíbense as actitudes de acoso entre menores no espazo público. Serán especialmente perseguidas as condutas de agresión ou asedio a menores realizadas por grupos de persoas que actúen no espazo urbano.**

4. Os organizadores de cualquier acto público de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva, ou de cualquier outra índole, velarán porque no se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos apartados anteriores. Se por mor de cualquiera desos actos se realizaran as mencionadas condutas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.

Artigo 7 - Réxime de Sancións

1. Sen prexuízo de que os feitos sexan constitutivos de infracción penal, a realización das condutas descritas no apartado 1 do artigo precedente terán a consideración de infracción grave, e serán sancionadas con multas de 750,01 a 1.500 euros, salvo que o feito constitúa unha infracción ou lle corresponda unha sanción diferente, dacordo ca lexislación aplicable.

2. Sen prexuízo da lexislación penal, terán consideración de infraccións moi graves, que se sancionarán con multas de 1.500,01 a 3.000 euros, as condutas descritas nos apartados 2 e 3 do artigo precedente. Se ditas condutas foran realizadas por grupos de persoas, se imputará a comisión da infracción a todos o membros destes grupos que se atoparan no lugar dos feitos e participaran, pasiva ou activamente, na realización das condutas antixurídicas previstas no artigo anterior.

Artigo 8 - Intervencións específicas

Cando as condutas contrarias a dignidade das persoas ou discriminatorias poidan ser constitutivas de ilícitos penais, os axentes da autoridade poñerano en coñecemento da autoridade xudicial competente, sen prexuízo da continuación do expediente sancionador, nos termos do artigo 95 desta Ordenanza.

2.- DEGRADACIÓN VISUAL DO ENTORNO URBÁN

Artigo 9.- Fundamentos da regulación

1. A regulación contida neste capítulo fundamentase no dereito a desfrutar do paisaxe urbán da cidade que é indisociable e correlativo deber de mantelo en condicións de limpeza, pulcritude e decoro.

2. Sen prexuízo doutras infraccións xa previstas nesta Ordenanza os grafitos, as pintadas e outras condutas de enlaxamento e afeamento non só devalúan o patrimonio público ou privado e poñen de manifesto seu deterioro, senón que principalmente provocan unha degradación visual do entorno, que afecta a calidade de vida dos veciños ou veciñas e visitantes.

3. O deber de absterse de ensuciar, manchar e deslucir o entorno atopa o seu fundamento na evitación da contaminación visual, e é independente e por tanto compatible cas infraccións, incluídas as penais, baseadas na protección do patrimonio, tanto público como privado.

Sección primeira: Grafitos, pintadas e outras expresións gráficas

Artigo 10- Normas de conducta

1. Está prohibido realizar todo tipo de grafito, pintada, mancha, garabato, escrito, inscrición ou grafismos, con calquer materia (tinta, pintura, materia orgánica, ou similares) ou ben raiando a superficie de calquer elemento do espazo público ,asi como o interior e o exterior de equipamentos, infraestructuras ou elementos dun servizo público ou instalacións e xeral, incluídos transporte público, equipamentos, mobiliario urbano, árbores, xardíns e vías públicas en xeral e nos resto de elementos descritos no artigo 3 desta Ordenanza.. Quedan excluídos os murais artísticos que se realicen con autorización do propietario ou con autorización municipal.
2. Cando o grafito ou pintada se realice nun ben privado, que se atope instalado de xeito visible ou permanente na vía pública, necesitarase, tamén, a autorización expresa do Concello
3. Os organizadores de calquer acto público de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva ou de calquera outra índole velarán porque non se produzan, durante a celebración, conductas de degradación visual do espazo público, Se por mor de calquera destes actos se produciran as conductas descritas no apartado primeiro deste artigo, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.
4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais, tutores ou tutores, gardeses ou gardesas poas accións dos menores de idade que deles dependan, aqueles tamén serán responsables directos e solidarios das infraccións descritas neste artigo e cometidas polos menores que se atopen baixo a súa tutoría, sempre que, pola súa parte conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 11.- Réxime de Sancións

1. A realización das conductas descritas no artigo precedente terán consideración de infracción leve, e serán sancionadas con multa de 750 euros, salvo que o feito constituía unha infracción máis grave.
2. Terán a consideración de infraccións graves, sancionables con multa de 750,01 a 1.500 euros, as pintada ou os grafitos que se realicen:
 - a) Nos elementos do transporte, xa sexan de titularidade pública ou privada, e, no primeiro caso, municipal ou non, incluídos os vehículos, pardas marquesinas e demais elementos instalados nos espazos públicos
 - b) Nos elementos dos parques e xardíns públicos.

c) Nas fachadas dos inmobles, públicos ou privados, colindantes, salvo que a extensión da pintada ou grafito sexa case inapreciable.

d) Nos sinais de tráfico ou de identificación viarias, ou de calquer elemento do mobiliario urbán, cando implique a inutilización ou perda total ou parcial da funcionalidade do elemento.

3. As infraccións terán o carácter de moi grave, e serán sancionadas con multas de 1.500,01 a 3.000 euros, cando se atente especialmente contra o espazo urbano por realizarse sobre monumentos ou edificios catalogados ou protexidos.

Artigo 12.- Intervencións específicas

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cauteolarmente os materiais ou medios empregados.

2. Se polas características da expresión gráfica, o material empregado ou o ben afectado foro posible a limpeza e a restitución inmediata ao estado anterior, os axentes da autoridade conminarán a persoa infractora a que proceda a súa limpeza, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan pola infracción cometida.

3. O Concello, subsidiariamente, poderá limpar ou reparar os danos causados pola infracción, con cargo a persoas ou persoas responsables e sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes. O Concello resarcirase dos gastos que comporte a limpeza ou reparación, sen prexuízo tamén da imposición das sancións oportunas.

4. Tratándose as persoas infractoras de menores, faranse os trámites oportunos e necesarios para comprobar se concurren incidiariamente as circunstancias previstas no artigo 57.

5. Cando o grafito ou pintada poidan ser constitutivos da infracción patrimonial prevista no artigo 626 do Código Penal, os axentes da autoridade poñerano en coñecemento da autoridade xudicial competente, sen prexuízo da continuación do expediente sancionador.

Sección segunda: Pancartas, carteis e folletos

Artigo 13.- Normas de conducta

1. A colocación de carteis, valas, rótulos, pancartas, adhesivos, papeis pegados ou calquer outra forma de publicidade, anuncio ou propaganda deberá efectuarse unicamente nos lugares expresamente habilitados ao efecto pola autoridade municipal. Está prohibida a colocación de carteis e pancartas en

edificios en instalacións municipais, en calquer espazo público ou elemento da paisaxe e o mobiliario urbano ou natural, sen autorización expresa do Concello.

2. Igualmente, necesitarase autorización expresa do Concello, ademais do titular do ben afectado, cando o cartel ou pancarta se instalen nun ben privado se voa o espazo público, excluídas as pancartas en balcóns e outras aberturas.

3. Os titulares da autorización serán os responsables da retirada dos elementos instalados e de repoñer os elementos ao seu estado anterior, dacordo cas indicacións que lle den os servizos municipais.

4. Prohíbese esgazar, arrincar e tirar ao espazo público carteis, anuncios, pancartas e obxectos similares.

5. Prohíbese colocar publicidade sobre a parte exterior dos cristais dos vehículos, así como espallar e tirar toda case de folletos ou papeis de publicidade comercial ou calquer outro material similar na vía pública e nos espazos públicos e outros espazos definidos no artigo 3 desta Ordenanza.

6. As persoas que reparten publicidade domiciliaria non poderán deixar propaganda fora do recinto da portería dos edificios.

7. As persoas físicas ou xurídicas que promovan a contratación ou difusión da mensaxe respostarán directa e solidariamente das infraccións precedentes cos autores materiais do feito.

Artigo 14.- Réxime de Sancións

1. Salvo que os feitos constitúan unha infracción máis grave dos feitos descritos no artigo anterior serán constitutivos de infracción leve, e sancionados con multa de 120 a 750 euros.

2. Terán, non obstante, a consideración de infraccións graves a colocación de carteis, pancartas ou adhesivos en edificios e instalacións municipais, no mobiliario urbán ou natural, e en xeral, en todos aqueles elementos que, situados no espazo público, estén destinados a prestar servizos específicos a cidadanía. Nestes casos, a infracción será sancionada con multa de 750,01 a 1.500 euros.

3. Cando as infraccións precedentes se realicen sobre monumentos ou edificios catalogados ou protexidos, terán a consideración de moi graves, e serán sancionadas con multa de 1.500,01 a 3.000 euros. Terán a mesma consideración e o importe da multa será o mesmo cando a colocación de carteis, pancartas ou adhesivos se faga en sinais de tráfico de xeito que imposibilite unha correcta visión por parte dos condutores e/ ou peóns.

Artigo 15.- Intervencións específicas

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelarmente os materiais e medios empregados.

2. Asemesmo, conminarán persoalmente a persoa infractora a que proceda a retirar o material e reparar os danos efectuados pola súa colocación, sen prexuízo das sancións que correspondan impoñer pola infracción

3. O Concello poderá adoptar a medida cautelar de retirada dos elementos de propaganda ou publicidade con cargo a persoa responsable, sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes.

3.- MENDICIDADE

Ocupación do espazo público por condutas que adoptan formas de mendicidade

Artigo 16 .- Fundamentos da regulación

1. As condutas tipificadas como infraccións nesta sección pretenden salvagardar, como bens especialmente protexidos, **o dereito que teñen os cidadáns a transitar pola cidade de Lugo sen ser molestados ou perturbados na súa vontade, a libre circulación das persoas, a protección de menores, así como o correcto emprego das vías e espazos públicos.**

2. Especialmente, esta sección tende **a protexer as persoas que están en Lugo fronte a condutas que adoptan formas de mendicidade instintente, intrusiva ou agresiva, así como organizada, sexa esta directa ou encuberta baixo prestación de pequenos servizos non solicitados**, ou calquer outra fórmula equivalente, así como a calquer outra forma de mendicidade que, directa ou indirectamente, **empregue a menores como reclamo ou estos acompañen a persoa que exerce esa actividade.**

Artigo 17 .- Normas de conduta

1. **Prohíbense** aquelas condutas que, **baixo a aparencia de mendicidade ou baixo formas organizadas, representen actitudes coactivas ou de acoso**, ou obstaculicen e impidan de xeito intencionado o libre tránsito dos cidadáns e cidadanas polos espazos públicos.

2. **Queda igualmente prohibido o ofrecemento de calquer ben ou servizo a persoas que se atopen no interior de vehículos privados ou públicos. Considérense incluídos neste suposto**, entre outros comportamentos, a limpeza dos parabrisas dos automóviles detidos nos semáforos ou na vía pública así como o ofrecemento de calquer obxecto, **ou do aparcamento vixilado sempre**

e cando non se teñan licenza administrativa para o exercicio de dita actividade.

Asemesmo a utilización de medios artificiosos ou inxenosos para propiciar a esmola de xeito enganoso, como puidera ser a venda de revistas ou periódicos que non estén comercializados legalmente para a súa venda; o ofrecemento dun ben, elemento ou obxecto que non garden equivalencia de valor ca contraprestación que se demanda como panos de mesa, bolsas, panos de man, frores...etc..., nos casos que non se teña a alta do IAE para a debandita actividade na vía pública ou calquer outra autorización administrativa de carácter análoga.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 232 do Código Penal, **queda totalmente prohibida a mendicidade exercida por menores ou aquela que se realice, directa ou indirectamente, con menores ou persoas con discapacidades.**

4. Prohibese tamén a realización no espazo público de actividades de calquer tipo cando obstrúan ou poidan obstruír o tráfico rodado pola vía pública, poñan en perigo a seguridade das persoas ou impidan de xeito manifesto o libre tránsito das persoas polas beirarrúas, prazas, avenidas, pasaxes ou bulevares ou outros espazos públicos. Estas condutas están especialmente prohibidas cando se leven a cabo na calzada, nos semáforos ou invadindo espazos de tráfico rodado.

5. Naqueles casos de condutas que adoptan **formas de mendicidade** non previstas nos apartados anteriores, **e que teñan raíz social, os axentes da autoridade, contactarán cos servizos sociais** ao efecto de que sexan estes os que conduzcan a aquelas persoas que as exerzan aos servizos sociais de atención primaria, **coa finalidade de asistilas**, se fora preciso.

6.- Non se considera actividade de mendicidade prohibida según esta Ordenanza, as seguintes:

As actividades musicais, artísticas e de animación de rúa exercidas na vía pública de forma puntual, non periódica, e con autorización municipal, sempre que se solicite a dádiva de forma adecuada e sen coaccións, como contraprestación voluntaria da actuación ou intervención realizada.

Artigo 18.- Réxime de sancións

1. Cando a infracción consista na obstaculización do libre tránsito dos cidadáns e cidadanas polos espazos, os axentes da autoridade, en primeiro lugar informarán, a estas persoas de que ditas prácticas están prohibidas pola

presente Ordenanza. Se a persoa persistira na súa actitude e non abandonara o lugar, procederase a impoñerlle a sanción que lle corresponda.

En todo caso, estas sancións poderán ser substituídas, dacordo coa lexislación, por sesións de atención individualizada cos servizos sociais ou por cursos nos que se informarse das posibilidades das que as institucións públicas e privadas lles ofrezan apoio e asistencia social, así como se lles prestarán a axuda que sexa necesaria.

2. A realización das conductas descritas no apartado 1 do artigo anterior é constitutiva dunha infracción leve, e poderá ser sancionada con multa de ate 120 euros, salvo que os feitos poidan ser constitutivos dunha infracción máis grave.

3. As conductas recollidas no apartado 2 do artigo anterior terán a consideración de infraccións leves e serán sancionadas con multa de ate 120 euros. Cando se trate da limpeza dos parabrisas dos automóbiles detidos nos semáforos ou na vía pública, o servizo de aparcamento vixilado, a infracción terá a consideración de graves, e será sancionada con multa de 750,01 a 1.500 euros

4. Se a mendicidade é exercida por menores, as autoridades municipais prestarán a estos, de xeito inmediato, a atención que sexa precisa, sen prexuízo de que se adopte o resto das medidas que prevé, no seu caso, o ordenamento xurídico. Considerarase, en todo caso, infracción moi graves, e será sancionada con multa de 1.500,01 a 3.000 euros, a mendicidade exercida, directa ou indirectamente, con acompañamento de menores ou persoas con discapacidade, sen prexuízo do previsto no artigo 232.1 do Código Penal.

5. As conductas recollidas no apartado 4 do artigo anterior terán a consideración de infraccións leves, e serán sancionables con multas de ate 200 euros, salvo no caso das conductas que o mencionado artigo 4 califica de especialmente prohibidas no cal a sanción poderá ascender a cuantía de 300 euros.

Os axentes da autoridade informarán, en primeiro lugar, a estas persoas de que as debanditas prácticas están prohibidas pola presente Ordenanza. Se a persoa persistira na súa actitude, procederase a impoñerlle a sanción que corresponda.

En todo caso, estas sancións poderán ser substituídas, dacordo ca lexislación, por sesións de atención individualizada cos servizos sociais o por cursos nos que

se informará a estas persoas das posibilidades de que as institucións públicas ou privadas lles ofrezan asistencia social, así como se lles prestará a axuda que fora precisa.

Artigo 19. - Intervencións específicas

1. O Concello adoptará todas as medidas o seu alcance para erradicar o fenómeno da mendicidade en calquera das súas formas na cidade .O Concello, asemesmo, adoptará todas as medidas o seu alcance para erradicar o fenómenos da mendicidade agresiva ou organizada en calquera das súas formas na cidade.

2. Os axentes da autoridade, o no seu caso nos servizos sociais, informarán a todas as persoas que exerzan a mendicidade en lugares de tránsito público das dependencias municipais e dos centros de atención institucional ou de carácter privado (asociacións, organizacións non gubernamentais-ONG-) aos que poden acudir para recibir o apoio que sexa necesario para abandonar estas prácticas.

En todo caso, os axentes da autoridade procederán a intervención cautelar dos medios empregados para desenvolver a conducta antixurídica, así como, se é o caso, dos froitos obtidos.

4.- CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHOLICAS NO ESPAZO PÚBLICO

Artigo 20—Fundamento da regulación

As condutas previstas neste apartado fundaméntanse na protección da salubridade e a saúde pública, o respecto o medio ambiente e o dereito a intimidade, descanso e tranquilidade dos veciños e veciñas.

Reconocese asemesmo o dereito dos cidadáns a facer uso dos espazos públicos, sen máis limitacións que as impostas polas normas de aplicación e as derivadas do respecto aos principios e dereitos anteriormente mencionados.

Artigo 21. —Obxecto.

1.- O presente capítulo ten por obxecto regular o uso dos espazos públicos polos veciños, evitando unha utilización abusiva e excluínste dos mesmos que perturbe a normal convivencia cidadá.

2.- Enténdese **como convivencia cidadá** a estes efectos:

a) **O dereito das persoas ao descanso nocturno** regulado polas disposicións locais, autonómicas e estatais vixentes en materia de contaminación acústica no relativo a superación dos valores límites de emisión e inmisión, así como os obxetivos de calidade acústica aplicables a cada zona, sendo de aplicación a Ordenanza ambiental reguladora da emisión e recepción de rúidos e

vibracións, a Lei 7/1997 de Galicia, de protección contra a contaminación acústica, así como a Lei 37/2003, do ruído, e as súas disposicións complementarias.

c) O cumprimento de calquera normativa na que a vulneración contravenga o respecto aos principios e dereitos enunciados no artigo 20 deste capítulo.

3. Para conseguir o disposto nos apartados precedentes, **o Concello de Lugo adoptará as seguintes medidas:**

- Fomentará o diálogo con organizacións xuvenís, de pais e nais, veciñais, etc, co fin de exercer unha labor preventiva entre os xoves no uso moderado do alcohol e no respecto ao entorno e a veciñanza.

- Realizará unha labor preventiva nos centros educativos, en colaboración coas Consellerías de Educación e Sanidade da Xunta de Galicia.

- Realizará campañas sobre o consumo responsable de alcohol e convivencia cívica e social.

4. O Concello prohíbe e consecuentemente impedirá, as concentracións de persoas na vía pública que alteren a normal convivencia cidadá, sempre que se leven a cabo conductas que perturben o dereito das persoas ao descanso nocturno, entre as 22.00 e as 8.00 horas.

Se exceptúa do disposto no parágrafo anterior as manifestacións populares debidamente autorizadas, así como outras datas e festas patronais ou populares.

Os establecementos de hostalería, incluídos os espazos o aire libre anexos aos mesmos, rexiranse pola súa propia normativa de aplicación

5. De conformidade ca Lei 2/1996 de Galicia, de 8 de maio, sobre drogas, está prohibida a venda o suministro de bebidas alcohólicas a menores de 16 anos, e, no caso de bebidas alcohólicas de máis de 18 grados centesimais, aos menores de 18 anos.

6. Prohíbese asemesmo aos establecementos comerciais, máquinas expendedoras, venda ambulante, o calquera outra forma de expedición, a venda de bebidas alcohólicas entre as 22.00 e as 8.00 horas, co réxime de apertura que lles sexa de aplicación.

Extenderase a prohibición de venda de alcohol aos supostos establecidos no artigo 13.2 da Lei 2/1996, de 8 de maio de Galicia:

a) Locais e centros preferentemente destinados a menores de dezoito anos.

b) Centros culturais.

- c) Centros educativos que imparten educación primaria e educación secundaria ou outras ensinanzas de nivel equivalente.
- d) Instalacións deportivas.
- e) Centros sanitarios.

Artigo 22 - Zonas de Especial Protección.

O Concello de Lugo, por acordo da Xunta de Goberno Local, poderá declarar determinados espazos públicos como zonas de especial protección naqueles casos nos que as concentracións reiteradas de persoas nos mesmos produzan unha moi grave perturbación do establecido nesta norma.

Para isto é preciso que concurran acumulativamente as seguintes circunstancias obxectivas:

- Uso abusivo do espazo público continuado no tempo, polo que no se terán en conta as concentracións de persoas de carácter ocasional ou puntual.
- O número elevado de persoas concentradas no mesmo con relación a densidade de vivendas e veciños do lugar ou espazo público do que se trate.
- Informes municipais previos relativos a vulneración reiterada dos niveis sonoros permitidos no interior das vivendas, actos vandálicos producidos na zona, costes económicos investidos polo Concello para a devolución dese espazo público ao seu uso común e xeral.

Unha vez declaradas, serán debidamente sinalizadas, polo que se impedirá a concentración de persoas nas mesmas no horario de descanso nocturno fixado na ordenanza.

O Concello elaborará cada 6 meses, informe público de seguimento da zona declarada como de especial protección aos efectos de manter ou non a prohibición acordada.

Queda prohibido en relación, a venda e consumo de bebidas alcohólicas.

a) A venda ou suministro a menores de 18 anos, así como permitirlles o consumo dentro dos establecementos. Queda excluída desta prohibición a venda ou suministro a maiores de 16 anos que acrediten o uso profesional do produto.

A estes efectos, os titulares, encargados, empregados ou responsables dos establecementos poderán solicitar dos seus clientes, con respecto a Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, os documentos acreditativos da súa idade cando ésta lle ofrezca dudas razoables.

- b)** A venda e o consumo nos centros docentes, centros de menores, os de carácter recreativo e outros análogos destinados a menores de 18 anos.
- c)** A venda a domicilio de bebidas, sen prexuízo do reparto ou distribución ou suministro dos adquiridos ou encargados polos consumidores en establecementos comerciais autorizados para a venda ao público.
- d)** A venda, suministro e consumo, realizada a través de establecementos nos que non está autorizado o consumo, a de carácter ambulante e a efectuada a distancia, durante o horario comprendido entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte, sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes.
- e)** A venta ambulante de bebidas alcohólicas, con carácter xeral, salvo autorizacións específicas no marco da ordenanza municipal de comercio ambulante, sen que a autorización poida rebasar o límite horario establecido no apartado anterior.
- f)** O consumo, nas vías e espazos públicos, os vernos e sábados durante o horario comprendido entre as 21 horas e as 4 horas do día seguinte, salvo no disposto nos art 23. da presente ordenanza relativos ao consumo en terrazas ao aire libre, e en ferias, festexos e eventos ao aire libre. Non obstante queda prohibido o consumo nas vías e espazos públicos, con carácter xeral, cando afecte de xeito directo e relevante a tranquilidade cidadá
- h)** A venda ou suministro de bebidas nos establecementos de hostalería, para ser consumidas no exterior da vía pública, salvo nos servizos de terrazas ou outras instalacións ca debida autorización municipal, que devengarán a taxa municipal por ocupación de vía pública.
- i)** A existencia de mostradores, ventás ou ocos que fagan posible o despacho de bebidas a persoas situadas na vía pública.
- j)** A venda de alcohol en descampados, ríos, merendeiros, sen a solicitude e obtención previa da correspondente autorización municipal.

2.- A expedición de bebidas alcohólicas mediante máquinas automáticas de venda sólo poderá realizarse en lugares pechados, e se fará constar na súa superficie frontal a prohibición de venda ou subministro de bebidas alcohólicas a menores de idade.

Artigo 23. Do réxime especial das Festas Populares, Festexos e eventos ao aire libre así como réxime de terrazas.

1) As actividades relacionadas ca venda e consumo de alcohol na vía pública en días de festa patronal, festexos populares ou eventos ao aire libre, a través de mostradores ou instalacións desmontables, así como o réxime ordinario de terrazas deberán contar ca correspondente licenza municipal, puidendo excepcionarse o límite horario xeral establecido na presente ordenanza de conformidade co artigo 22 da mesma. A autorización concederase, no marco das autorizacións para ocupar os diferentes espazos do recinto feiral, ou os espazos públicos nos que se realicen eventos ao aire libre.

A súa concesión ou denegación axustarase a súa normativa específica, así como aos requisitos e condicións establecidos na presente Ordenanza.

2) Por razóns de seguridade, naqueles espectáculos multitudinarios como concertos ou outros eventos similares que se celebren con autorización municipal que inclúan a posibilidade de dispensar bebidas alcohólicas, estas serviranse en vasos de plástico, non permitindo en ningún caso envases de cristal, vidro, así como latas ou semellantes.

Artigo 24 Réxime de Infraccións.

1.-Constitúen infraccións administrativas, no marco das prohibicións establecidas na presente ordenanza e de conformidade ca lei 2/1996 de Galicia, as seguinte:

2.-Son infraccións leves:

a) O incumprimento das prohibicións de consumo de bebidas alcohólicas contidas no artigo 22 apartados a, b, c, d, e da presente ordenanza.

b) As tipificadas no número seguinte que sexan cometidas por negligencia, sempre que non comporten un perxuizo directo para a saúde.

3.-Son infraccións graves:

a) O incumprimento das prohibicións de venda ou subministro de bebidas alcohólicas, da lei de prevención e asistencia en materia de drogas e o artigo 22 apartados a, b, c, d, e da presente ordenanza.

b) A obstrución a acción inspectora que non constitúa infracción moi grave.

4.- Son infraccións moi graves.

- a) A negativa absoluta a facilitar información ou a prestar a colaboración a acción inspectora, así como o falseamento da información subministrada.
- b) A ameaza, represalia ou calquer forma de presión exercida sobre autoridades ou seus axentes na súa actuación inspectora.
- c) As infraccións que produzan grave perxuizo a saúde pública.

Artigo 25.- Réxime de Sancións.

As infraccións anteriores sancionaranse con arreglo ao seguinte baremo:

- Infraccións moi graves, multa de 1.501 ate 3.000 euros.
- Infraccións graves, multa de 751 ate 1.500 euros.
- Infraccións leves, multa de 200 ate 750 euros.

Artigo 26 .- Criterios para a graduación da sanción.

Para a determinación das sancións previstas nesta Ordenanza se terá en consideración o principio de proporcionalidade e, en todo caso, os seguintes criterios de graduación:

- a) A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos de outras persoas ou actividades.
- b) A intensidade da perturbación causada a salubridade ou ornato públicos.
- c) A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a empregalos.
- d) A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.
- e) A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestructuras, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.

5.- COMERCIO AMBULANTE E PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 27.- Fundamentos da regulación

As condutas tipificadas como infracción no presente capítulo fundamentanse na protección da salubridade, o emprego racional e ordenado da vía pública e a salvagarda da seguridade pública, ademáis, no seu caso, da protección das propiedades industriais e intelectuais, a competencia leal na economía de mercado e os dereitos de consumidores e usuarios.

Artigo 28.- Normas de conducta

1. Está prohibida a venda ambulante no espazo público de cualquier tipo de alimentos, bebidas e outros productos, no dispuesto específicamente na Ordenanza de Venda Ambulante vixente. En todo caso, a licencia ou autorización deberá ser perfectamente visible.
2. Queda prohibido colaborar no espazo público cos vendedores ambulantes non autorizados, con accións como facilitar o xénero ou vixilar e alertar sobre a presenza dos axentes da autoridade.
3. Prohibese a compra ou a adquisición no espazo público de alimentos, bebidas e outros productos procedentes da venda ambulante non autorizada.
4. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva ou de cualquera outra índole velarán porque non se produzan, durante a súa celebración, as conductas descritas nos apartados anteriores. Se por mor de cualquera destes actos se realizan as debanditas conductas, os seus organizadores comunicaranos inmediatamente aos axentes da autoridade.

Artigo 29.- Réxime de sancións

1. Sen perxizo da lexislación penal, as conductas prohibidas descritas nos dous primeiros apartados do artigo precedente son constitutivas de infracción leve, que se sancionará con multa de ate 500 euros.
2. A conducta prohibida descrita no apartado 3 do artigo precedente é constitutiva de infracción leve, que se sancionará con multa de ate 500 euros.

Artigo 30.- Intervencións específicas

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelamente o xénero ou os elementos obxecto das prohibicións e os materiais ou os medios empregados. Se se trata de alimentos ou bens funxibles, se destruíránse ou se lles dará o destino que sexa adecuado.
2. Cando as conductas tipificadas neste capítulo poidan ser constitutivas de ilícito penal, os axentes da autoridade poñerán en coñecemento da autoridade xudicial competente, sen perxizo da continuación do expediente sancionador, nos termos do artigo 65 desta Ordenanza.

6.- EMPREGO DO ESPAZO PÚBLICO PARA O OFRECIMENTO E DEMANDA DE SERVIZOS SEXUAIS

Artigo 31.- Fundamentos da regulación

1. As conductas tipificadas como infracción nesta sección persiguen preservar aos menores da exhibición de prácticas de ofrecemento ou solicitude de

servizos sexuais na rúa, manter a convivencia e evitar problemas de viabilidade en lugares de tránsito público e previr a explotación de determinados colectivos

2. A presente normativa ten como obxectivo establecer unha regulación sobre a ocupación do espazo público como consecuencia das actividades de ofrecemento e demanda de servizos sexuais e se dicta tendo en conta os títulos competenciais e os bens xurídicos protexidos no parágrafo anterior

Artigo 32.-Normas de conducta

1. Dacordo cas finalidades recollidas no artigo anterior, prohibese ofrecer, solicitar, negociar ou aceptar, directa ou indirectamente, servizos sexuais retribuídos no espazo público cando estas prácticas exclúan ou limiten a compatibilidade dos diferentes usos do espazo público.

2. Está especialmente prohibido por esta Ordenanza o ofrecemento, a solicitude, a negociación ou a aceptación de servizos sexuais retribuídos no espazo público, cando estas condutas se leven a cabo en espazos situados a menos de douscentos metros de distancia de centros docentes ou educativos nos que se imparten ensinanzas do réxime xeral do sistema educativo.

3. Igualmente, está especialmente prohibido manter relacións sexuais mediante retribución por elas no espazo público.

Artigo 33. Réxime de sancións

1. Os axentes da autoridade ou os servizos municipais, nos casos previstos no artigo anterior, apartado 1, limitaranse a recordar a estas persoas que ditas prácticas están prohibidas pola presente Ordenanza. Se a persoas persistira na súa actitude e non abandonara o lugar, poderá ser sancionada por desobediencia a autoridade.

2. Os axentes da autoridade ou os servizos municipais, nos casos previstos no artigo anterior no seu apartado 2., limitaranse en primeiro lugar a recordar a estas persoas que ditas prácticas están prohibidas pola presente Ordenanza. Se a persoas persistira na súa actitude e non abandonara o lugar, procederase, previa denuncia, ao inicio do correspondente procedemento administrativo sancionador.

En todo caso, nos supostos previstos no mencionado apartado 2 do artigo anterior, informarase a estas persoas de que ditas condutas están prohibidas, así como das posibilidades que as institucións públicas e privadas lles ofrecen de asistencia social, prestándolles, ademáis, a axuda que fora precisa

As conductas recollidas no apartado 2 do artigo anterior terán a consideración de leves, e serán sancionables con multa de ate 750 euros.

3. As conductas recollidas no apartado 3 do artigo anterior terán a consideración de graves, e serán sancionables con multa de 751 a 1500 euros.

Artigo 34.- Intervencións específicas

1. O Concello de Lugo, a través dos servizos sociais competentes, prestará información e axuda a todas aquelas persoas que exerzan o traballo sexual na cidade e queiran abandonar o seu exercicio.

2. Os servizos municipais competentes, co auxilio dos axentes da autoridade, se é o caso, informarán a todas as persoas que ofrecen servizos sexuais retribuídos en espazos públicos das dependencias municipais e dos centros de atención institucional ou de carácter privado (asociacións, ONG, etc.) aos que poderán acudir para recibir o apoio que sexa necesario para abandonar esas prácticas.

3. O Concello de Lugo colaborará intensamente na persecución e represión das conductas atentatorias contra a liberdade e indemnidade sexual das persoas que poidan cometerse no espazo público, en especial as actividades de proxenetismo ou calquera outra forma de explotación sexual, e, moi especialmente, no relativo aos menores.

7.- NECESIDADES FISIOLÓXICAS

Artigo 35.- Fundamentos da regulación

É fundamento da regulación contida neste capítulo a protección da saúde pública e a salubridade, o dereito de desfrutar dun espazo público limpo e non degradado, e o respecto as pautas xeralmente aceptadas de convivencia cidadá e civismo.

Artigo 36.- Normas de conducta

1. Está prohibido facer necesidades fisiolóxicas, como por exemplo defecar, orinar, cuspir, en calquera dos espazos definidos no artigo 3 desta Ordenanza como ámbito de aplicación obxectiva da mesma, salvo as instalacións ou elementos que estén destinados especialmente a realización de tales necesidades.

2. Queda especialmente prohibida a conducta descrita no apartado anterior cando se realice en espazos de concurrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores, ou cando se faga en monumentos ou edificios catalogados ou protexidos.

Artigo 37.- Réxime de sancións

1. A conducta descrita no apartado 1 do artigo precedente será constitutiva de infracción leve, e sancionarse con multa de ate 300 euros, salvo que o feito constitúa unha infracción máis grave.
2. Constituirá infracción grave, sancionada con multa de 750,01 a 1.500 euros, a conducta descrita no apartado 2 do artigo precedente.

8.- OUTRAS CONDUCTAS

USO IMPROPIO DO ESPAZO PÚBLICO

Artigo 38.- Fundamentos da regulación

A regulación contida neste capítulo fundaméntase en garantir un uso racional e ordenado do espazo público e os seus elementos, ademáis, se procede, da salvaguarda da salubridade, a protección da seguridade e o patrimonio municipal.

Artigo 39.- Normas de conducta

1. Queda prohibido facer un uso impropio dos espazos públicos e os seus elementos, de xeito que impida ou dificulten a utilización ou o disfrute polo resto dos usuarios.
2. Non están permitidos os seguintes usos impropios dos espazos públicos e dos seus elementos:
 - a) Acampar nas vías e nos espazos públicos, acción que inclúe a instalación estable nestos espazos públicos ou os seus elementos ou mobiliario instalados, ou en tendas de campaña, vehículos, autocaravanas ou caravanas, salvo autorizacións para lugares concretos. Tampouco está permitido durmir de día ou de noite nestes espazos. Cando se trate de persoas en situación de exclusión social, será de aplicación o previsto no Capítulo 3 desta Ordenanza.
 - b) Empregar os bancos e os asentos públicos para usos distintos aos que están destinados.
 - c) Lavarse ou bañarse en fontes, estanques ou similares.
 - d) Lavar roupa en fontes, estanques, duchas ou similares.

Artigo 40.- Réxime de sancións

A realización das conductas descritas no artigo precedente é constitutiva de infracción leve, que se sancionará con multa de ate 500 euros.

Artigo 41 .- Intervencións específicas

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelamente o xénero, os materiais e os medios empregados.
2. Os servizos municipais adoptarán en cada caso as medidas que sexan procedentes en coordinación cos servizos sociais municipais ou, si procede, con outras institucións públicas e, se o estimaran preciso por razóns de saúde, acompañarán a estas persoas ao establecemento ou servizo municipal apropiado, cunha finalidade de socorrelas ou axudalas no posible. Neste caso non se imporá a sanción prevista.
3. Nos supostos previstos no artigo 39 en relación con caravanas e autocaravanas, os servizos municipais e os axentes da autoridade informarán dos lugares municipais habilitados para o estacionamento destes vehículos.
4. Cando se trate da acampada con autocaravanas, caravanas ou calquer outro tipo de vehículo, descrita no apartado do artigo 39 da presente Ordenanza, e a persoa infractora non acredite a residencia legal en territorio español, o axente denunciante fixará provisionalmente a cuantía da multa e, de non depositarse o seu importe, procederase a inmovilización do vehículo, no seu caso, a súa retirada e ingreso no depósito municipal.

USO INADECUADO DO ESPAZO PÚBLICO PARA XOGOS

Artigo 42.- Fundamentos da regulación

1. A regulación contida neste capítulo fundamentase na liberdade de circulación das persoas, na protección dos peóns e no dereito que todas as persoas teñen a non ser perturbadas no seu exercicio e a disfrutar lúdicamente dos espazos públicos conforme a natureza e o destino de éstos, respectando as indicacións contidas nos rótulos informativos do espazo afectado, se existisen, e en calquer caso os lexítimos dereitos dos demais usuarios ou usuarias.
2. A práctica de xogos de pelota, monopatín ou similares no espazo público está sometida ao principio xeral de respecto aos demais, e, en especial, da súa seguridade e tranquilidade, así como o feito de que no impliquen perigo para os bens, servizos ou instalacións, tanto públicos como privados.

Artigo 43.- Normas de conducta

1. Prohíbese a práctica de xogos no espazo público e de competicións deportivas masivas e espontáneas que perturben os lexítimos dereitos dos veciños e veciñas ou dos demais usuarios do espazo público.

2. Está especialmente prohibida a práctica de xogos con instrumentos ou outros obxectos que poidan por en perigo a integridade física dos usuarios do espazo público, así como a integridade dos bens, servizos ou instalacións, tanto públicos como privados.

3. Sen perxuízo das infraccións previstas na Ordenanza Xeral de Policía, e o Bando de Alcaldía de zonas peonís, non está permitida a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con bicicletas, patíns o monopatíns fora das áreas destinadas a tal efecto. Por zonas delimitadas como peatonais as bicicletas circularán o paso dunha persoa e sen dificultar ou entorpecer a circulación dos peóns.

Queda prohibida la utilización de escaleiras para peóns, elementos para a accesibilidade de persoas discapacitadas, varandas, bancos, pasamáns, ou calquer outro elemento do mobiliario urbán para realizar acrobacias con patíns e monopatíns.

Artigo 44.- Réxime de Sancións

1. Os axentes da autoridade nos casos previstos no artigo 31.1 limitaranse a recordar a estas persoas que ditas prácticas están prohibidas pola presente Ordenanza. Se a persoa persistira na súa actitude poderá ser sancionada dacordo co apartado seguinte.

2. O incumprimento das normas previstas no artigo anterior consideraranse infracción leve e será sancionada con multa de ate 750 euros, salvo que o feito constituía unha infracción máis grave.

3. Terán, sen embargo, a consideración de infraccións graves, e serán sancionadas con multa de 750,01 a 1.500 euros:

a) A práctica de xogos que impliquen un risco relevante para a seguridade das persoas ou os bens, e, en especial, a circulación temeraria con patíns ou monopatíns por beirarrúas ou lugares destinados a peóns

b) O emprego de elementos ou instalacións arquitectónicos ou do mobiliario urbán para la práctica do monopatín, patíns ou similares cando se poña en perigo de deterioro.

Artigo 45.- Intervencións específicas

1. Tratándose da infracción consistente na práctica de xogos no espazo público, os axentes da autoridade procederán a intervención cautelar dos medios empregados.

2. Igualmente, no caso das infraccións graves previstas no apartado segundo do artigo anterior, os axentes intervirán cautelarmente o xogo, monopatín, patín ou similar con cal se producira tal conducta

9.- ACTITUDES VANDÁLICAS NO USO DO MOBILIARIO URBÁN.

DETERIORO DO ESPAZO URBANO

Artigo 46.- Fundamentos da regulación

Cas conductas tipificadas como infracción neste capítulo protexense o uso racional do espazo público, o respecto as persoas e bens, a seguridade, a saúde e integridade física das persoas ou do patrimonio municipal.

Artigo 47.- Normas de conducta

1. Están prohibidas as conductas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbán que xeneren situacións de riscos ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou os bens.

2. Quedan prohibidos os actos de deterioro grave, como destrozos dos espazos públicos ou as súas instalacións ou elementos, xa sexan mobles ou inmobles, derivados das alteracións da seguridade cidadá contempladas no apartado 1 anterior.

3. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquer outra índole velarán porque no se produzan, durante a súa celebración, as conductas descritas nos apartados anteriores.

Se por mor de calquera destes actos se realizan ditas conductas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.

4. Sen perxuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais ou titores ou titoras ou guardadores ou guardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 48.- Réxime de Sancións

1. Sen perxuízo da lexislación penal e de protección da seguridade cidadá, as conductas descritas no apartado 1 do artigo precedente son constitutivas de infracción moi grave, e serán sancionadas con multa de 1.500,01 a 3.000 euros.

2. Sen perxuízo da lexislación penal e local, os actos de deterioro descritos no apartado 2 do artigo precedente son constitutivos de infracción grave, e se sancionarán con multa de 750,01 a 1.500 euros.

Artigo 49.- Intervencións específicas

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, se é o caso os axentes da autoridadee retirarán e intervirán cauteladamente os materiais, o xénero ou os medios empregados.
2. Tratándose a persoa infractora dun menor, practícaranse as dilixencias precisas para comprobar se concurren indiciariamente as circunstancias previstas no apartado 4 do artigo 47, ao obxecto de proceder, tamén, a súa denuncia.

DISPOSICIÓNS COMÚNS SOBRE RÉXIME SANCIONADOR E OUTRAS

MEDIDAS DE APLICACIÓN

CAPÍTULO PRIMEIRO.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 50 .-Decretos e instrucións do Alcalde ou Alcaldesa en *desarrollo e aplicación da Ordenanza*

1. Mediante decreto de Alcaldía aprobarase un manual operativo sobre as cuestións que plantexa a aplicación desta Ordenanza, no que se desenvolverán e concretarán as actuacións dos diversos órganos e axentes municipais implicados.
2. Cando as circunstancias así o aconsellen, o Alcalde ou Alcaldesa dictará as instrucións correspondentes para a aplicación da Ordenanza.
3. Mediante decreto de Alcaldía crearase unha unidade administrativa encargada de tramitar os procedementos administrativos sancionadores previstos nesta Ordenanza.

Artigo 51.- Deber de colaboración cidadá no cumprimento da Ordenanza

1. Todas as persoas que están en Lugo teñen o deber de colaborar cas autoridades municipais o os seus axentes para preservar as relacións de convivencia cidadá e civismo no espazo público.
2. A efectos do establecido no apartado anterior, o Concolo de Lugo porá os medios precisos para facilitar que, en cumprimento do seu deber de colaboración, calquer persoa poida por en coñecemento das autoridades municipais os feitos que coñeceran e que sexan contrarios a convivencia cidadá ou o civismo.

3. Dacordo ca lexislación vixente en materia de protección de menores, todos os cidadáns e cidadás teñen o deber de comunicar as autoridades ou axentes máis próximos calquer situación que detecten de risco ou desamparo dun menor. Asemesmo, todos os cidadáns e cidadás que teñan coñecemento de que un menor no está escolarizado ou non asiste ao centro escolar de xeito habitual deben poñelo en coñecemento dos axentes máis próximos ou da autoridade competente, ca finalidade de que se adopten as medidas pertinentes.

Artigo 52.- Conductas obstruccionistas as tarefas de control, investigación ou sanción nos ámbitos da convivencia e o civismo

1. Nos ámbitos da convivencia cidadá e o civismo, e salvaguardando todos os dereitos previstos no ordenamento xurídico, quedan expresamente prohibidas as condutas seguintes:

- a) A negativa ou a resistencia as tarefas de inspección ou control do Concello
- b) A negativa ou a resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polos funcionarios actuantes en cumprimento das súas funcións.
- c) Subministrar aos funcionarios actuantes, en cumprimento da súas labores de inspección, control ou sanción, información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a error de xeito explícito ou implícito.
- d) O incumprimento das órdenes ou os requirimentos específicos formulados polas autoridades municipais ou os seus axentes.

2. Sen perxuízo da lexislación penal e sectorial, as condutas descritas no apartado anterior son constitutivas de infracción moi grave, que será sancionada con multa de 1.501 a 3.000 euros.

Artigo 53.- Elementos probatorios dos axentes da autoridadee.

1. Nos procedementos sancionadores que se instrúan en aplicación desta Ordenanza, os feitos constatados por axentes da autoridade teñen valor probatorio, dacordo ca normativa aplicable ao efecto, sen perxuízo doutras probas que poidan aportar os interesados.

2. Nos expedientes sancionadores que se instrúan, e cos requisitos que correspondan conforme a lexislación vixente, poderanse incorporar imáxes dos feitos denunciados, xa sexa en fotografía, filmación dixital ou outros medios tecnolóxicos, que permitan acreditar os feitos recollidos na denuncia formulada dacordo ca normativa aplicable. En todo caso, a utilización de videocámaras requirirá, se procede, as autorizacións previstas na lexislación aplicable, así como o seu uso dacordo co principio de proporcionalidade.

Artigo 54.- Denuncias cidadás

1. Sen prexuízo da existencia de outros interesados aparte do presunto infractor, cualquier persoa, en cumprimento da obriga prevista no artigo 51, pode presentar denuncias para poñer en coñecemento do Concolo a existencia dun determinado feito que poida ser constitutivo dunha infracción do establecido nesta Ordenanza.

2. As denuncias deberán expresar a identidade da persoas o persoas que as presentan, o relato dos feitos que pudieran constituir infracción, a data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación das persoas presuntamente responsables.

3. Cando a denuncia vaia acompañada de unha solicitude de iniciación do procedemento sancionador, o Concello deberá comunicar ao denunciante a iniciación ou non do mencionado procedemento e, no seu caso, a resolución que recaiga.

4. O Concello deberá compensar a as persoas denunciante polos gastos que lles houbera podido comportar a formulación de unha denuncia, sempre que queden efectivamente acreditadas no expediente tanto a comisión da infracción administrativa denunciada como a necesidade e a cuantía dos gastos alegados por aquélas.

5. Previa ponderación do risco pola natureza da infracción denunciada, o instructor poderá declarar confidenciais os datos persoais do denunciante, garantindo o anonimato de éste no transcorrer da tramitación do expediente administrativo. Esta confidencialidade será declarada cando o solicite o denunciante.

6. Cando unha persoa denuncie a membros relevantes das redes organizadas en cuio beneficio realiza unha actividade antixurídica, considerarase que a persoa denunciante non cometeu a infracción, sempre e cando se acredite debidamente esta circunstancia denunciada.

O mesmo tratamento terán as persoas que denunciaren as infraccións desta Ordenanza cometidas por grupos de menores. Nestos casos, se lles conminará a non volver a realizar esta actividade antixurídica.

7. Cando o denunciante sexa una persoa extranxeira, o Concello poderá levar a cabo as xestións oportunas ante as autoridades competentes para que a aquél se lle recoñezan ou otorguen os beneficios e as ventaxas previstas para estos casos na lexislación vixente en materia de estranxería.

Artigo 55.- Medidas de carácter social

1. Cando o presunto responsable do incumprimento da Ordenanza sexa indixente ou presente outras carencias ou necesidades de asistencia social ou de atención médica especiais ou urxentes, os axentes da autoridade e que interveñan o informarán da posibilidade de acudir aos servizos sociais ou médicos correspondentes e do lugar concreto no que pode facelo.
2. Naqueles casos especialmente graves ou urxentes, e co único obxecto de que a persoa poida recibir efectivamente e o antes posible a atención social ou médica requirida, os axentes da autoridade ou outros servizos competentes poderán acompañala aos mencionados servizos.
3. Asemesmo, sempre que sexa posible, os servizos municipais intentarán contactar ca familia da persoa afectada para informala da situación e circunstancias nas que foi atopada no espazo público.
4. Inmediatamente despois de haber practicado estas dilixencias, en caso de que as mesmas levaranse a cabo por axentes da autoridade, éstos informarán sobre elas aos servizos municipais correspondentes, ca finalidade de que éstos adoptan as medidas oportunas e, se procede, fagan o seu seguimento ou, no seu caso, poñan o asunto en coñecemento da autoridade ou administración competente.

Artigo 56.- Medidas específicas que se aplicarán no caso de que as persoas infractoras sexan non residentes no termo municipal de Lugo

1. As persoas infractoras non residentes no termo municipal de Lugo que recoñezan a súa responsabilidade poderán facer efectivas inmediatamente, dacordo co previsto no apartado ...do artigo ..., as sancións de multa por o importe mínimo que estivera establecido nesta Ordenanza. Cando a Ordenanza non fixe o importe mínimo da sanción que corresponda, a rebaixa será do setenta e cinco por cento d seu importe máximo.
 2. As persoas denunciadas non no termo municipal de Lugo deberán comunicar e acreditar ao axente da autoridade denunciante, aos efectos de notificación, a súa identificación persoal e enderezo habitual, e, se procede, o lugar e a dirección de onde están aloxados na cidade. Os axentes da autoridade poderán comprobar en todo momento se o enderezo proporcionado polas persoa infractora é o correcto .
- No caso de que esta identificación non fora posible ou a localización proporcionada non fora correcta, os axentes da autoridade, a este obxecto, poderán requirir as persoa infractora para que os acompañe a dependencias

próximas, nos termos e circunstancias previstos no apartado ... do artigo ... de esta Ordenanza.

3. Cando a persoa infractora non acredite a súa residencia habitual en territorio español, o axente que formule a denuncia ofreceralle a posibilidade de facer inmediatamente efectiva a sanción, nos termos previstos no apartado 1. Se a sanción non fora satisfeita, o órgano competente, mediante acordo motivado, adoptará inmediatamente como medida cautelar o ingreso de unha cantidade económica que represente o mínimo da sanción económica prevista e, cando a Ordenanza non fixe o importe mínimo da mesma, o importe mínimo que se aplicará nestes casos será do setenta e cinco por cento do seu máximo. Esta medida provisional será notificada con carácter urxente ao enderezo no que aquela persoa esté aloxada na cidade ou na localidade correspondente. No suposto de que non se proceda ao ingreso desta cantidade, se lle advertirá, se procede, que podería incurrir en responsabilidade penal.

4. No caso de que as persoas denunciadas non residentes no termo municipal de Lugo sexan estranxeiras e non satisfagan a sanción nos termos descritos no apartado anterior, unha vez que finalice o procedemento mediante resolución, comunicarse a embaixada ou consulado correspondente e a Delegación do Goberno a infracción, a identidade da persoa infractora e a sanción que recaiga, aos efectos oportunos.

5. O Concello o propondrá as autoridades competentes aquelas modificacións da normativa vixente tendentes a facilitar e mellorar a efectividade das sancións que se impoñan aos non residentes na cidade.

Artigo 57.- Responsabilidade por conductas contrarias a Ordenanza cometidas por menores de idade

1. dacordo con que establece a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno, todas as medidas neste caso sancionadoras das autoridades municipais que poidan afectar aos menores atenderán principalmente ao interese superior de éstos. Asemesmo, en función de súa idade e madurez, se garantizará o dereito dos menores a ser escoitados en todos aqueles asuntos que lles afecten e a que as súas opinións sexan tidas en conta.

2. Cando as persoas infractoras sexan menores, e ca finalidade de protexer os dereitos do neno ou adolescente, o seu desenvolvemento e formación, se poderán substituír as sancións pecuniarias por medidas correctoras, como asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquer outro tipo de

actividade de carácter cívico. Estas medidas adoptaranse de xeito motivado en función do tipo de infracción, e serán proporcionadas a sanción que reciba a conducta infractora. A este efecto, solicitarase a opinión dos pais ou nais ou titoros ou titoras ou guardadores ou guardadoras, que será vinculante.

3. Os pais e nais o tutores e tutoras o guardadores e guardadoras serán responsables civís subsidiarios dos danos producidos polas infraccións cometidas polos menores de idade que dependan deles.

4. Asemesmo, en aqueles casos en que se prevea expresamente en esta Ordenanza, los pais e nais o tutores e tutoras o guardadores e guardadoras serán también responsables directos e solidarios das infracciones cometidas por los menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa o negligencia, incluída a simple inobservancia.

5. A asistencia aos centros de ensinanza educativos durante a ensinanza básica obrigatoria (ensinanza primaria e secundaria) é un dereito e un deber dos menores de idade de seis anos ate a de dezaseis.

6. Sen perxuízo de que, dacordo co previsto nesta Ordenanza, se poida acudir a fórmulas de mediación para resolver estas conductas, os pais e nais o tutores e tutoras o guardadores e guardadoras serán responsables da permanencia dos menores na vía pública e da inasistencia de éstos aos centros educativos. Nestes casos, cando concurra culpa ou negligencia, os pais e nais ou tutores e tutoras ou guardadores e guardadoras incurrirán nunha infracción leve, e poderán ser sancionados con multa dende 100 ate 500 euros, ou no seu caso aceptar as medidas previstas no apartado 8 deste artigo.

7. En todo caso, calquer denuncia, incoación dun expediente sancionador ou eventual imposición de unha sanción a un menor será tamén notificada aos seus pais ou nais ou tutores ou tutoras ou guardadores ou guardadoras.

8. Os pais e nais o tutores e tutoras o guardadores e guardadoras deberán asistir o as sesións de atención individualizada ou cursos de formación que, no seu caso, se impoñan como alternativa a sanción pecuniaria das infraccións cometidas polos menores que dependan deles

Artigo 58.- Principio de prevención

O Concello dará prioridade a todas aquelas medidas municipais encaminadas a previr riscos para a convivencia cidadá e o civismo no espazo público.

CAPÍTULO SEGUNDO.- RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 60.- Graduación das sancións

1. A imposición das sancións previstas nesta Ordenanza guiarase pola aplicación do principio de proporcionalidade e, en todo caso, terase en conta os criterios de graduación seguintes:

- a) A gravidade da infracción.
- b) A existencia de intencionalidade.
- c) A natureza dos perxuízos causados.
- d) A reincidencia.
- e) A reiteración.
- f) A capacidade económica da persoa infractora.
- g) A natureza dos bens ou produtos ofrecidos no comercio ambulante non autorizado e regulado no capítulo oitavo do Título II.

2. Enténdese que hai reincidencia cando cometeuse no prazo dun ano máis de unha infracción desta Ordenanza e foi declarado por resolución firme. Hay reiteración cando a persoa responsable xa foi sancionada por infraccións desta Ordenanza ou cando se están instruindo outros procedementos sancionadores por infraccións desta Ordenanza.

3. Na fixación das sancións de multa se tera en conta que, en todo caso, o cumprimento da sanción non resulte máis beneficioso para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

4. Cando, según o previsto na presente Ordenanza, se impoñan sancións no pecuniarias, xa sexan alternativas u obrigatorias, a determinación do seu contido e duración farase, tamén, tendo en conta o principio de proporcionalidade e os criterios enunciados nos parágrafos anteriores.

Artigo 61.- Responsabilidade das infraccións

No caso de que, unha vez practicadas as dilixencias de investigación oportunas dirixidas a individualizar a persoa o as persoas infractoras, non sexa posible determinar o grao de participación dos diversos suxectos que interviran na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

Artigo 62.- Concurrencia de sancións

1. Incoado un procedemento sancionador por dous ou máis infraccións entre as cales haxa relación de causa a efecto, se imporá sólo a sanción que resulte máis elevada.

2. Cando no se dé a relación de causa e efecto a que se refire o apartado anterior, aos responsables de dous ou máis infraccións se lles imporá as sancións correspondentes a cada unha das infraccións cometidas, salvo que se aprecie identidade de suxetos, feitos e fundamentos. Neste último suposto aplicarase o réxime que sancione con maior intensidade, gravidade ou severidade a conducta da que se trate.

Artigo 63.- Rebaixa da sanción se se paga de xeito inmediato

1. As persoas denunciadas poden asumir a súa responsabilidade mediante o pago das sancións de multa, con unha redución da sanción ao seu importe mínimo se o pago se fai efectivo antes do inicio do procedemento sancionador. Cando a Ordenanza non fixe o importe mínimo da sanción que corresponda, a rebaixa será do setenta e cinco por cento do seu importe máximo.

2. Os presuntos infractores poden recoñecer a súa responsabilidade mediante o pago das sancións de multa con unha redución do trinta por cento do importe da sanción que apareza no pliego de cargos ou, nos casos de procedementos abreviados, na proposta de resolución. Nos procedementos ordinarios, a redución será do vinte por cento do importe da sanción que apareza na proposta de resolución.

3. O pago do importe da sanción de multa implicará a terminación do procedemento, sen perxuízo de presentar os recursos procedentes.

4. O Concello de Lugo implantará un sistema de cobro anticipado e inmediato de multas e medidas provisionais cas rebaixas pertinentes a través dun sistema automatizado ou de dispositivos específicos, sen perxuízo de que, en todo caso, o pago poida facerse efectivo a través das entidades financieras previamente concertadas.

Artigo 64.- Sustitución das multas e reparación dos danos por traballos en beneficio da comunidade

1. O Concello poderá substituír a sanción de multa por sesións formativas, participación en actividades cívicas ou outros tipos de traballos para a comunidade.

2. As sesións formativas sobre convivencia cidadá e civismo, de carácter individual ou colectivo, substituirán as sancións pecuniarias nos casos en que

así esté previsto na presente Ordenanza. No caso de inasistencia as sesións formativas, procederá impoñer a correspondente sanción, en función da tipificación da infracción cometida.

3. A participación nas sesións formativas, en actividades cívicas ou na realización de traballos en beneficio da comunidade será adoptada con ou consentimento previo do interesado como alternativa as sancións de orden pecuniario, salvo que lei impuxera o seu carácter obrigatorio. En todo caso, terán carácter obrigatorio as medidas alternativas a sanción previstas no artigo ... de esta Ordenanza.

4. O Concello tamén pode substituír, na resolución ou posteriormente, a reparación económica dos danos e os perxuízos causados aos bens de dominio público municipal por outras reparacións equivalentes en especie consistentes na asistencia a sesións formativas, a participación en actividades cívicas ou outros tipos de traballos para a comunidade, sempre que haxa consentimento previo dos interesados, excepto que a lei impuxera o seu carácter obrigatorio. No caso de que se produza esta substitución, o Concello deberá reparar os danos causados salvo que o traballo que realice a persoa sancionada consista precisamente na reparación do dano producido

5. Cando, dacordo co previsto nesta Ordenanza, se adopte a mediación como alternativa ao procedemento sancionador, os acordos de reparación terán como obxecto, principalmente, as medidas alternativas previstas neste artigo.

Artigo 65.- Procedemento sancionador

1. Cando se trate de infraccións leves cometidas por extranxeiros non residentes que afecten a convivencia cidadá nos termos desta Ordenanza, e sempre que non exista un procedemento específico en lara lexislación sectorial aplicable, a denuncia do axente da autoridade implicará o inicio do procedemento sancionador e será notificada no acto a persoa denunciada. Nesta denuncia constarán os feitos, as correspondentes infraccións e sancións, a identidade do instructor, a autoridade sancionadora competente e a norma que lle atribúe esta competencia. A denuncia tamén indicará que, no prazo de dous días, formule, se procede, alegacións e plantexe os medios de proba pertinentes para a súa defensa. Unha vez transcurrido o prazo de dous días ou practicada a prueba correspondente, o instructor elevará o expediente ao órgano competente para resolver nun prazo máximo dun día e se notificará a persoa infractora a sanción correspondente.

2. Cas excepcións recollidas nesta Ordenanza, o procedemento sancionador será o que con carácter xeral teña establecido o Concello de Lugo. Supletoriamente, será de aplicación o procedemento sancionador previsto polas actuacións da Administración Galega e, no seu caso, o que regule a lexislación do Estado.

3. Cando a proposta de resolución do procedemento sancionador tramitado pola Administración do Concello conteña unha sanción que, pola cuantía da multa ou polo seu carácter, no sexa de competencia municipal, o Alcalde o Alcaldesa elevará o expediente ao órgano correspondente da Administración que sexa competente para impoñer a sanción que se propoñe, de conformidade ca lexislación sectorial aplicable.

Artigo 66.- *Apreciación de dolo ou falta*

1. Cando as condutas as que se refire esta Ordenanza puideran constituir infracción penal, remitiranse ao Ministerio Fiscal ou a autoridade xudicial que corresponda os antecedentes precisos das actuacións practicadas.

2. No caso de identidade de suxeto, feito e fundamento das condutas ilícitas, a incoación dun proceso penal non impedirá a tramitación de expedientes sancionadores polos memos feitos, pero a resolución definitiva do expediente sólo poderá producirse cando sexa firme a resolución recaída no ámbito penal, quedando ate entón interrompido o prazo de prescripción. Os feitos declarados probados en vía xudicial vincularán a autoridade competente para impoñer a sanción administrativa.

3. A condena ou a absolución penal dos feitos no impedirá a sanción administrativa, se se aprecia diversidade de fundamento.

4. As medidas provisionais adoptadas no seo do procedemento administrativo sancionador antes da intervención xudicial poderán manterse en vigor mentras non recaiga pronunciamento expreso ao respecto das autoridades xudiciais, sen perxuízo dos recursos que poidan interpor o presunto infractor sobre o establecemento ou a vixencia de ditas medidas provisionais.

Artigo 67.- *Prescripción e caducidade*

A prescripción e a caducidade rexeranse pola lexislación administrativa sancionadora xeral, sen perxuízo do que dispoña a lexislación sectorial.

CAPÍTULO TERCEIRO.- REPARACIÓN DE DANOS

Artigo 68.- *Reparación de danos*

1. A imposición das sancións que correspondan por o incumprimento desta Ordenanza non exonera a persoa infractora da obriga de reparar os danos ou perxuizos causados.
2. Aos efectos do establecido no apartado anterior, cando proceda, a Administración municipal tramitará pola vía de execución subsidiaria a obriga de resarcimento que proceda.

CAPÍTULO CUARTO.- MEDIDAS DE POLICÍA ADMINISTRATIVA

Artigo 69.- Órdenes singulares do Alcalde ou Alcaldesa para a aplicación da Ordenanza

1. O Alcalde o Alcaldesa poden dictar as órdenes singulares o nominativas e as disposicións especiais que procedan sobre a conducta na vía pública o comportamento dos cidadáns e cidadás co fin de facer cumprir a normativa en materia de convivencia cidadá e de civismo.
2. Sen perxuízo da imposición da sanción que no seu caso corresponda, o Alcalde ou Alcaldesa poderá tamén requirir as persoas que sexan atopadas responsables de alguna das conductas descritas nesta Ordenanza para que se absteñan nun futuro de realizar actuacións similares dentro do termo municipal.
3. O incumprimento das órdenes, as disposicións ou os requirimentos aos que se fai mención nos apartados 1 e 2 deste artigo será sancionado nos termos previstos nesta Ordenanza, sen perxuízo de que se poida iniciar procedemento penal por causa de desobediencia.

CAPÍTULO QUINTO.- MEDIDAS DE POLICÍA ADMINISTRATIVA

DIRECTA

Artigo 70.- Medidas de policía administrativa directa

1. Os axentes da autoridade exigirán en todo momento o cumprimento inmediato das disposicións previstas nesta Ordenanza, e, sen perxuízo de proceder a denunciar as conductas antixurídicas, poderán requirir verbalmente as persoas que non respecten as normas para que desistan na súa actitude ou comportamento, advertíndoas de que no caso de resistencia poden incurrir en responsabilidade criminal por desobediencia.
2. Cando a infracción cometida provoque, ademais de unha perturbación da convivencia cidadá e o civismo, un deterioro do espazo público, requirirase o seu causante para que proceda a súa reparación, restauración o limpeza inmediatas, cando sexa posible.

3 .No caso de resistencia a estos requerimentos, e sen perxuízo do que se dispoñe no apartado 1 deste artigo, as persoas infractoras poderán ser desaloxadas, cumprindo en todo caso co principio de proporcionalidade.

4. A efectos de poder incoar o correspondente procedemento sancionador, os axentes da autoridade requirirán a persoa presuntamente responsable para que se identifique.

De non conseguirse a identificación por calquer medio da persoa que cometeu unha infracción, os axentes da autoridade poderán requirila para que, co obxecto de iniciar o expediente sancionador da infracción cometida, os acompañe a dependencias próximas que contén con medios axeitados para realizar as dilixencias de identificación, a estes únicos efectos e polo tempo imprescindible, informando a persoa infractora dos motivos do requerimento de acompañamento.

5. En todo caso, e a marxe da sanción que corresponda impoñer pola infracción das normas que orixinara a intervención ou requerimento dos axentes da autoridade, as condutas obstruccionistas tipificadas nas letras b e c do apartado 1 do artigo 52 constitúen unha infracción independente, sancionadas dacordo co apartado 2 de dito artigo, salvo que o feito sexa constitutivo de responsabilidade criminal, en cuio caso se pasará o tanto de culpa o Ministerio Fiscal.

CAPÍTULO SEXTO.- MEDIDAS PROVISIONAIS

Artigo 71.- Medidas provisionais

1. Iniciado o expediente sancionador, mediante acordo motivado, poderanse adoptar as medidas provisionais imprescindibles para o normal desenvolvemento do procedemento, para evitar a comisión de novas infraccións ou para asegurar o cumprimento da sanción que puidera impoñerse. Estas medidas poderán consistir en calquera das previstas na normativa xeral e sectorial aplicable en cada caso, e deberán ser proporcionadas a natureza e a gravidade da infracción.

2. Cando a lei así o prevea, as medidas provisionais poderanse adoptar tamén con anterioridade a iniciación do expediente sancionador.

3. En materia de medidas provisionais nos casos de infraccións cometidas por persoas extranxeiras non residentes no territorio español, deberánse ter en conta as disposicións especiais de procedemento previstas no artigo desta Ordenanza.

Artigo 73.- Decomisos

1. Ademáis dos supostos nos que así se prevé expresamente nesta Ordenanza, os axentes da autoridade poderán, en todo caso, decomisar os utensilios e o xénero obxecto da infracción ou que serviron, directa o indirectamente, para a comisión de aquela, así como o diñeiro, os froitos ou os produtos obtidos ca actividade infractora, os cales quedarán baixo a custodia municipal mentras sexa preciso para a tramitación do procedemento sancionador ou, a falta de éste, mentres perduren circunstancias que motivaron o decomiso.
2. Os gastos ocasionados polo decomiso correrán a cargo do causante das circunstancias que o determinaron
3. Se se trata de bens funxibles, destruíranse ou se lles dará o destino axeitado. Os obxectos decomisados depositaranse a disposición do órgano sancionador competente para a resolución do expediente. Unha vez dictada resolución firme e transcorridos dous meses sen que o titular recuperase o obxecto, procederase a súa destrucción ou se entregará gratuítamente a entidades sen ánimo de lucro con finalidades sociais.

CAPÍTULO SÉPTIMO.- MEDIDAS DE EXECUCIÓN FORZOSA

Artigo 74- Multas coercitivas

Para a execución forzosa das resolucións, o Concello poderá impoñer multas coercitivas, dacordo co disposto na lexislación sectorial.

Lugo, 19 de xuño de 2009